

Despexa o seu horizonte financeiro para desenvolver o seu plan de negocio

EROSKI E AS ENTIDADES FINANCEIRAS ASINAN UN ACORDO DE REFINANCIAMENTO ATA O 2024

- **Desenvolve o acordo marco alcanzado en marzo coas cinco principais entidades e esténdese a todas as demais**
- **O primeiro día aberto á sinatura adheriuse o 95,57% da débeda**

Elorrio, 16 de xullo do 2019.- [EROSKI](#) formalizou hoxe a sinatura dos contratos de reestruturación da súa débeda financeira, conforme aos termos e condicións xa acordados a comezos do pasado marzo coas súas principais entidades acreedoras. O acordo aberto hoxe á sinatura entrará en vigor o 31 de xullo, e amosa o respaldo da banca ao proxecto e ao plan de negocio de EROSKI dándolle cobertura financeira ata o 2024. O acordo xa foi subscrito por entidades acreedoras que representan o 95,57% da débeda financeira do grupo. As outras entidades iranse adherindo nas vindeiras datas.

Segundo o previsto no acordo alcanzado en marzo entre EROSKI e as principais entidades, o acordo será sometido ao procedemento de homologación xudicial para dotar o seu contido de maior seguridade xurídica.

O presidente de EROSKI, Agustín Markaide, valorou positivamente a sinatura do acordo: *"A confianza das entidades financeiras no noso proxecto permítenos afrontar os retos definidos no noso plan de negocio coas necesidades financeiras cubertas. Como consecuencia, ao final do período dispoñemos dun nivel de endebedamento normalizado en relación coa xeración de fondos recorrentes"*.

EROSKI cumpriu con todos os compromisos do acordo anterior, vixente ata o vindeiro 31 de xullo. A súa amortización de débeda alcanza case os 1.800 millóns de euros dende o 2010.

Tal e como se recollía no preacordo alcanzado en marzo, o acordo non inclúe a obriga de realizar desinvestimento.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)